

II San Silvestre Jerreirana

O **Club O Jerreiro** en colaboración co Concello de Carnota organizan a **II San Silvestre Jerreirana**, que se disputará a mañán do **domingo 14 de decembro en Carnota**.

Trátase dunha proba festiva para disfrazarse e divertirse para despedir o ano e dar a benvinda o 2026, polo que dende a organización agradecemos a cada atleta que saque o seu mellor **disfraz**.

Haberá distintas probas para que participen todos os membros da familia, categorías infantís, absoluta e andaina.

Categorías	Idades	Distancia	Horarios
Mini Jerreiros	2022 - 2025	50 m	10:30 h
	2018 - 2021	200 m	10:35 h
Jerreiriños sub 10	2016 - 2017	800 m	10:45 h
Jerreiriños sub 12	2014 - 2015	800 m	10:45 h
Jerreiros sub 16	2010 - 2013	3 km	11:00 h
Jerreiros 3	A partir do 2009	3 km	11:00 h
Jerreiros 7k	A partir do 2009 ata 1979	7 km	11:30 h
Jerreiros 7k maiores de 45 anos	A partir do 1980	7 km	11:30h
Jerreiros andaríns	Todas as idades	7 km	11:32 h

** Os horarios non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora, no caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta metereolóxica, a proba será suspendida automaticamente.

1. A **saída e a chegada** realizarase na **Rúa da Igrexa** (o lado da Igrexa de Santa Columba de Carnota) <https://maps.app.goo.gl/efvyvaHK3YzBoo3t7>, comenzando polos máis pequenos da casa.
2. A **recollida de dorsais** farase o mesmo día da proba na propia **meta**. As distintas carreiras estarán controladas mediante **cronometraxe electrónica**.
3. O comenzo da entrega dos dorsais será dende 30 minutos antes da primeira carreira.
4. As inscricións terán un custo de **5€** por participante, tanto para a carreira como para a andaina.
5. A inscrición da rapazada **menor de idade será gratuíta**.

6. A organización contará coa colaboración da **Policía Local e Protección Civil**.
7. Haberá servizo de **duchas e aseos** nas instalacións do **Pavillón de Carnota**.
8. As inscricións realizaranse en www.cronotec.es ata ás **23:59 h do mércores 10 de decembro**.
9. **Servizo de gardarroupa** para atletas (onde se entregan os dorsais)
10. **Chocolate con churros** gratuito para todas as persoas participantes ao finalizar a proba.
11. Servizo de **ambulancia e seguro deportivo** do atleta e de responsabilidade civil do evento.
12. A organización da proba resérvase o dereito a modificar os horarios ou o percorrido, así como a aprazar ou suspender a carreira, se así o estima oportuno, por razóns climatolóxicas ou de seguridade.
13. Todas as persoas participantes autorizan á Organización a rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos ou calquera outro medio de difusión.
14. Os/as atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira considéranse, para todos os efectos, usuarios normais da vía.
15. Toda persoa que corra sen estar inscrita farao baixo a súa responsabilidade e non estará amparada polos seguros da proba.
16. Todas as persoas participantes polo feito de tomar a saída, aceptan o presente reglamento.



Premios e sorteos

- Todas as persoas participantes que acaden o **primeiro, segundo e terceiro posto en cada categoría** subirán ao **pódium** e recibirán un **trofeo, medalla ou agasallo especial** como recoñecemento ao seu resultado, excepto os **Mini Jerreiros** que **non subirán ao pódium**.
- **Categorías Jerreiriños sub 10, sub 12 e sub 16:**
 - Todas as persoas participantes recibirán unha **medalla ou diploma conmemorativo**.
 - Os **tres primeiros clasificados** de cada categoría **subirán ao pódium**.
- Para as **primeiras persoas clasificadas das categorías 3km e 7km:**
 - **Categoría 7km:** Unha noite en habitación dobre estándar con almorzo no **Faro de Lariño**, a canxear de domingo a xoves en temporada baixa. Para canxear o premio, será necesario contactar coa empresa no teléfono **607 447 748**, de luns a venres entre as **08:30 e 15:30**.
 - **Categoría 3km:** Unha tarde de **spa para dúas persoas** no **Hotel Meiga do Mar**.
 - Os **2º e 3º postos** e a categoría **7km maiores de 45 anos**, recibirán **medalla ou trofeo**.
- **Sorteo especial:** Entre todos os participantes **maiores de 18 anos**, incluída a andaina, sortearase unha **tarde de spa no Hotel Meiga do Mar**.
- **Agasallo conmemorativo** para **todas as persoas participantes** na carreira.

No caso de que a persoa agraciada no sorteo xa fose gañadora dalgún dos premios correspondentes ao primeiro posto nas categorías masculina ou feminina das carreiras de 7 km ou 3 km, **procederáse á repetición do sorteo** ata que o premio recaia nunha persoa que non teña recibido ningún dos anteriores.

As persoas corredoras poderán inscribirse e participar nas dúas categorías absolutas (3 km e 7 km). Porén, **só poderán optar a un dos premios**, no caso de acadar o primeiro posto en ambas distancias.

PERCORRIDOS

Mini Jerreiros (50m)

